



**XUNTA  
DE GALICIA**



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA PARA A SUPRESIÓN DE BARREIRAS DE COMUNICACIÓN**

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

### **REUNIDOS**

Dunha parte, **dona Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, **don Iker Sertucha Lista**, presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en diante FAXPG), con domicilio na rúa Félix Estrada Catoira, nº 3, baixo dereita, C.P. 15007 (A Coruña), con NIF G-15068091, constituída o 11 de novembro de 1979 en A Coruña, con facultades para a formalización do presente convenio por acordo da asemblea xeral, con data 26 de novembro de 2016, e polo artigo 36.1 dos seus estatutos, inscritos no Rexistro Central de Asociacións por resolución do 15 de xullo de 2016.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que, segundo o artigo 6 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías, polo tanto ~~ten entre os seus obxectivos~~ contribuir á mellora da

galicia



accesibilidade do colectivo de persoas xordas, articulando medidas coma a de facilitar que os usuarios/as conten con servizos de videointerpretación en lingua de signos española, coma ponte de comunicación entre unha persoa que utilice a lingua oral e outra que utilice a lingua de signos, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Segundo. A Lei 27/2007, do 23 de outubro**, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, establece no seu artigo 9:

*"De conformidade coa presente Lei encoméndase aos poderes públicos promover a prestación de servizos de interpretes en lingua de signos españolas a todas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, cando o precisen, nas diferentes áreas públicas e privadas que se especifican no presente capítulo. (...)"*

En particular, o artigo 12 da Lei, "Relacións coas Administracións Públicas", expresa:

*"1. As Administracións Públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas si as houberse, no caso de que así se solicite previamente, para as persoas que sexan usuarias da mesma, ao obxecto de facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas.(...)"*

Así mesmo, dentro da regulación do uso dos medios de apoio á comunicación oral, o artigo da Lei expresa que *"de conformidade coa presente Lei, encoméndase aos poderes públicos promover o uso dos medios de apoio á comunicación oral polas persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, nas diferentes áreas que se especifican no presente capítulo"*.

O artigo 21, "Relacións coas Administracións Públicas", determina que "as Administracións Públicas promoverán as condicións adecuadas, tales como formación e **dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral**, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas".

En concreto, no artigo 23, "Medios de comunicación social, telecomunicacións e sociedade da información", recóllese no seu número 3:

"3. Estableceranse as medidas necesarias para incentivar o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral (...)."

Pola súa parte, a Disposición Adicional sétima da Lei, "Axudas técnicas á audición", expresa que "os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, achegarán financiamento para a adquisición de apoios técnicos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas".

Recollendo os principios da normativa estatal, a **Lei 10/2014 de 3 de Decembro**, de accesibilidade de Galicia fundaméntase, entre outros, no principio de **accesibilidade universal**. De forma específica, no seu artigo 34, establece que "as administracións públicas promoverán a **supresión de barreiras de comunicación** e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, tales como os intérpretes de lingua de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos e segundo o establecido na Lei 27/2007, de 23 de Outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas [...]".

No número 4 deste artigo establécese:

"4. Así mesmo, garantírase o dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral a todos os ámbitos de participación, sexan da carácter público ou privado, cando a persoa con discapacidade auditiva ou xordocegueira así o requira".

Deste modo, o artigo 37, "Acceso aos bens e servizos das administracións públicas de Galicia", prescribe:

*"1. Forman parte do obxecto da presente lei a accesibilidade e o deseño para todos no ámbito do acceso aos bens e servizos das administracións públicas, especialmente no referido aos recursos humanos e materiais e ás oficinas de atención ao público, así como no relacionado co acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e ao desenvolvemento da Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*2. As administracións públicas de Galicia adoptarán as medidas necesarias para garantir a efectiva accesibilidade universal de calquera persoa nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable."*

**Terceiro.** Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

En particular, en desenvolvemento dos principios recollidos nas normas antes citadas, a Axencia pretende promover que as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, poidan dispoñer de medios de apoio á comunicación oral e intérpretes nas súas relacións coa administración autonómica, presenciais ou electrónicas.

**Cuarto.** Que a FAXPG - entidade sen ánimo de lucro, está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 517 e no Rexistro autonómico da Xunta de Galicia de entidades prestadoras de servizos sociais nº S-0204 - ten como obxectivo, segundo os seus estatutos, fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación das barreiras de comunicación, así como procurar a incorporación das persoas xordas á nova sociedade da información e comunicación, coa finalidade de mellorar a accesibilidade das persoas xordas en todos os ámbitos.

A FAXPG está composta por sete Asociacións de Persoas Xordas (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra).

De acordo co artigo 6 dos seus estatutos, a FAXPG ten como misión xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas Xordas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades. Para alcanzar o seu obxectivo, a FAXPG ten como visión ser a entidade de referencia na Comunidade Autónoma Galega en:

- A representación dos intereses de todas as persoas xordas de Galicia.
- A prestación de servizos de calidade na atención a persoas xordas de Galicia e os seus familiares.
- A defensa e conservación da lingua de signos española.

De acordo cos seus estatutos, as actividades que realiza a FAXPG no están restrinxidas exclusivamente a beneficiar aos seus Membros Asociados, se non abertas a calquera posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.

Dentro dos servizos dirixidos aos seus grupos de interese, a FAXPG presta o "Servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes de persoas xordocegas", que ten como misión "mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a comunicación entre as persoas xordas e xordocegas e as persoas óntes". Este servizo é demandado polo seus usuarios tanto no ámbito público como privado.

A FAXPG traballa en aras da accesibilidade universal e pola eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos da sociedade incidindo principalmente na accesibilidade á información e la comunicación tanto a través de medios técnicos, posibles gracias ao avance das novas tecnoloxías, como a través dos intérpretes de Lingua de Signos.

**Quinto.** No marco exposto, as partes pretenden establecer mediante o presente convenio o marco de colaboración que permita acadar as finalidades que ambas teñen en común de

promoción da prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, ao obxecto de facilitar as súas relacións coa administración pública galega.

En particular, ao abeiro do presente convenio, a AMTEGA promoverá a prestación de servizos de intérpretes pola FAXPG ás persoas que o necesiten mediante a concesión a esta dunha subvención, achega económica que ten un carácter de interese público e carácter social, de acordo cos artigos 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Cumprir á encomenda prevista na Lei aos poderes públicos de promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas.
- Incentivar, de acordo co previsto na Lei, o acceso ás telecomunicacións a través de medios de apoio á comunicación oral.
- Financiar á dispoñibilidade de medios de apoio á comunicación oral, para facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas coas Administracións Públicas.
- Establecer mecanismos de garantía do dereito das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordocegueira a acceder acompañadas dos profesionais da lingua de signos e dos medios de apoio á comunicación oral que precisen nas súas relacións coa administración pública galega.
- Eliminar as barreiras e mellorar a accesibilidade do colectivo de persoas xordas, facilitando a intercomunicación e realización dos trámites necesarios para o exercicio dos seus dereitos.
- Garantir a efectiva accesibilidade universal das persoas nas súas relacións coa Administración, de acordo co marco normativo aplicable.

**Sexto.** O presente convenio parte do recoñecemento legal da iniciativa social na prestación de servizos ás persoas por organizacións sen ánimo de lucro coa finalidade de apoiar a súa integración social.

Así, en particular, a AMTEGA, tendo en conta a natureza e peculiaridades que concorren na prestación de servizos ás persoas, non pretende a prestación directa por ela mesma ou mediante contrato do servizo ás persoas previsto neste convenio, se non que opta pola

financiación da prestación do servizo pola FAXPG, recoñecendo así a iniciativa, responsabilidade e autonomía na prestación deste por ela.

**Sétimo.** A colaboración da Amtega e da FAXPG xa se considerou de gran interese e asináronse catro convenios, o 7 de maio de 2013, o 2 de xaneiro de 2014, o 30 de abril de 2015, o 23 de decembro de 2015, e o 14 de Xuño de 2017, coa finalidade de promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española, accesible desde distintos puntos das súas oficinas.

Coa finalidade de darlle continuidade a este servizo ás persoas é necesario asinar un novo convenio de colaboración. En particular, tendo en conta esta finalidade, admitiranse aos efectos da axuda a xustificación de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 ata a data límite de xustificación do convenio.

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a FAXPG acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Finalidade e obxecto do convenio**

O presente convenio de colaboración ten como finalidade promover a supresión das barreiras de comunicación existentes e a mellora da accesibilidade do colectivo de persoas xordas en todos os ámbitos mediante a utilización dos servizos de videointerpretación en lingua de signos española.

En particular, o obxecto do convenio consiste en articular a colaboración entre as partes para promover a prestación de servizos de intérpretes en linguas de signos españolas as persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, para facilitar as súas relacións coa administración pública galega. Para esta finalidade, polo carácter de interese público e carácter social desta actividade, a AMTEGA concede á FAXPG unha subvención para a organización e prestación por esta ás persoas que o precisen do seu "Servizo de intérpretes de lingua de signos e guías intérpretes de persoas xordocegas".



**XUNTA  
DE GALICIA**



Este servizo ás persoas prestarase baixo a dirección, responsabilidade e autonomía na súa organización e prestación polo seu titular, a FAXPG, sen prexuízo das previsións establecidas neste convenio e da colaboración entre as partes para permitir e posibilitar nas mellores condicións posibles a súa prestación.

Este convenio enmárcase dentro das accións definidas na Axenda Dixital de Galicia 2020 .

## **Segunda. Descrición do proxecto obxecto da axuda**

As actuacións que se desenvolverán pola FAXPG en base a este convenio de colaboración son as seguintes:

### **Videointerpretación**

Actuación que se levará a cabo a través dalgunha das modalidades seguintes:

1. Presencial: Mediante un terminal, o usuario/a (persoa xorda) – situado/a no mesmo lugar que a persoa ouvinte coa que se quere comunicar – poñeráse en contacto co servizo de videointerpretación, servindo este coma ponte de comunicación entre a linguaxe signada do usuario e a linguaxe falada do interlocutor, facendo a interpretación da lingua oral á lingua de signos española e da lingua de signos á lingua oral.

#### Características e condicións técnicas:

O servizo presencial prestarase pola FAXPG ás persoas usuarias en días laborais de luns a venres (non festivos) coa seguinte distribución horaria:

De luns a venres de 08:00 a 20:00 h.

Cada terminal estará conectado a una liña ADSL ou cable.

1. Vía Web: A través de Internet mediante un terminal (un PC con WebCam) , o usuario/a (persoa xorda) poderá poñeráse en contacto coa Xunta de Galicia a través do servizo de videointerpretación da FAXPG (mediante chamada telefónica a través dun terminal telefónico básico). O usuario/a que desexe iniciar a comunicación, establecerá contacto





co sistema de videointerpretación da FAXPG indicando a persoa, entidade ou servizo na administración autonómica co que desexa contactar. Utilizando unha liña paralela, o video-intérprete contactará co destinatario/a na administración autonómica, e lle indicará que se vai a establecer a comunicación. A partir dese momento o video-intérprete actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así a comunicación entre a persoa xorda e a persoa ouvinte.

Características e condicións técnicas:

O servizo Web prestarase en días laborais de luns a venres (non festivos) coa seguinte distribución horaria:

De luns a venres de 08:00 a 20:00h

2. Vía móvil: A través dunha aplicación para android do sistema de videointerpretación BILDTEC. permitirá o acceso ós teléfonos de información ou atención cidadá a través do teléfono móbil, co avance que eso suporá para as persoas xordas en situacións de emerxencia e en condicións de autonomía persoal.

**Interpretación de Linguas de Signos Española (LSE)**

A lei 27/2007 do 23 de outubro, recoñece as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e sordocegas. A Federación dará apoio ás persoas xordas que asisten aos cursos, actividades e actuacións promovidas pola Xunta de Galicia.

**Terceira. Obrigas da Amtega**

- Ao obxecto de posibilitar a execución do proxecto previsto na cláusula anterior, facilitará á FAXPG situar nos puntos de acceso recollidos no Anexo II deste convenio os terminais mediante os que se prestará pola FAXPG o servizo de interpretación á persoas xordocegas usuarias.
- Aos efectos indicados no parágrafo anterior, xestionará, se fose o caso, as autorizacións de entrada, ás dependencias da Xunta de Galicia, do persoal técnico encargado da instalación e configuración do sistema, para a execución dos traballos necesarios para a prestación do servizo ás persoas usuarias.





- Designará un responsable do seguimento e xestión interna da actividade prevista neste convenio, designando, igualmente, as persoas de contacto autorizadas para realizar consultas.
- Facilitará a FAXPG o cumprimento das súas obrigas, proporcionándolle a información necesaria para a análise e resolución de incidencias.
- Proporcionará, cando proceda, a infraestrutura necesaria para a instalación dos equipos, cumprindo coas especificacións indicadas no presente convenio. A tal fin, serán de conta da Xunta a infraestrutura (liñas, equipos, etc.) necesaria para a conexión e uso desde a sede/s da Xunta de Galicia, incluíndo a instalación, configuración e mantemento da mesma.
- A AMTEGA fará referencia á existencia do servizo prestado ás persoas pola FAXPG na información aos usuarios nas páxinas web institucionais en que proceda. En todo caso precisarase que se trata dun servizo prestado pola FAXPG baixo a súa responsabilidade e autonomía e se fará referencia ao presente convenio de colaboración.
- As comunicacións necesarias do lado da Xunta de Galicia correrán por conta desta última.

#### **Cuarta. Obrigas da FAXPG**

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a FAXPG obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de las personas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos. Así mesmo, asegurará a confidencialidade dos datos achegados pola Xunta de Galicia e a confidencialidade, neutralidade e calidade dos profesionais (video-intérpretes) asociados.



**XUNTA  
DE GALICIA**



- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Para elo a FAXPG comprométese a entregar mensualmente un informe da actividade realizada no marco do presente convenio.
- Entregar todo o material que teña que entregar á administración autonómica dentro do marco deste convenio baixo a licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).
- Facer figurar expresamente o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio, en particular nas actuacións públicas e informativas que desenvolva.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- Nomear un interlocutor responsable do servizo que actúe como interfaz único para este proxecto.
- Aos efectos de posibilitar o desenvolvemento do proxecto obxecto de axuda, FAXPG dotará aos terminais que se instalen nos puntos de acceso previsto no Anexo II deste convenio, de acceso a través de Web á plataforma BildTEC, a través do que as persoas xordas poderán contactar cun video-intérprete.
- A FAXPG, aos efectos de que os usuarios do servizo poidan acceder vía móbil ao servizo que presta, disporá dunha app para dispositivos Android, que deberá cumprir os





**XUNTA  
DE GALICIA**



requisitos técnicos necesarios para a súa publicación e actualización continuada nos markets place titularidade da Xunta de Galicia.

- Levará a cabo a personalización dos videos de benvida de acceso á plataforma BildTEC, así coma un protocolo personalizado de atención ao usuario/a.
- A FAXPG comprométese a xustificar ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- Subministrar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Por outro lado a FAXPG presentou, previamente á sinatura do presente convenio:

- o Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- o Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- o Autorización á Amtega para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

Non obstante o anterior, a FAXPG poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.

- o Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.



### **Quinta. Gastos subvencionables**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite de xustificación do convenio.

Os custos tales como dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola FAXPG á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se houbose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:



Concepto	Importe
Servizo de videointerpretación presencial e vía web, no que se inclúen: - Licenzas e servizo técnico BILDTEC. - Dotación e mantemento de terminais funcionais para BILDTEC en 13 ubicacións presencias + 11 en liña.	<b>29.832,92 €</b>
BILDTEC APP_para teléfonos Android	<b>3.630,00 €</b>
Servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	<b>2.597,08 €</b>
Dirección e soporte técnico do proxecto Intérpretes de Lingua de Signos Española	<b>54.173,00 €</b>
Gastos xerais e de administración (seguro de accidente, mutua, subministros)	<b>3.275,00 €</b>
<b>Total</b>	<b>93.508,00 €</b>

No Anexo II detállase a distribución de puntos de acceso ao servizo de videointerpretación.

#### **Sexta. Dirección, medios humanos e materiais**

A FAXPG, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

### **Sétima.- Orzamento e obrigas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de noventa e tres mil cincocentos oito euros (93.508 €) con cargo á partida orzamentaria 04.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Este convenio queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

O financiamento por parte da Amtega das actuacións obxecto do presente convenio será incompatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin, de acordo co artigo 17.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40.1.d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

### **Oitava.- Xustificación**

A FAXPG presentará ante a Amtega a xustificación da subvención. O prazo de xustificación finaliza o **10 de decembro de 2018** e se presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Solicitude de pagamento.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con



eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite de xustificación.

- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
  - Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vencelladas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
  - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
  - Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como Anexo I do presente convenio.
  - De ser o caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
  - Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.



### **Novena.- Pagamento**

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Décima.- Minoración da subvención concedida**

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

### **Décimo primeira.- Reintegro**

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.



**XUNTA  
DE GALICIA**



- a) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga-  
ción de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na por-  
centaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
  
- b) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a  
perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

#### **Décimo segunda.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) ou addendas que, no seu caso, poidan acordarse nas que necesariamente figurarán as actuacións a desenvolver e o financiamento correspondente.

#### **Décimo terceira.- Comisión de seguimento**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes da FAXPG, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

galicia



- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas, ou persoa que a substitúa.
- Pola FAXPG, o seu presidente e o seu xerente, ou persoas nas que deleguen.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

#### **Décimo cuarta.- Publicidade**

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

#### **Décimo quinta.- Resolución**

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

#### **Décimo sexta.- Modificación da concesión**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.
  
1. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
  - a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
  - b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
  - c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.
  
2. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, antes do 1 de outubro de 2018. De non facelo implicará a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.
  
3. A conformidade expresa da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Área de Modernización das Administracións Públicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.
  
4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia logo da instrución do

correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Décimo sétima.- Inexistencia de relación laboral**

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

#### **Décimo oitava.- Interpretación**

O presente convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1.d) do TRLCSP), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Así mesmo, polo que se refire á subvención que se instrumenta mediante o convenio. Será aplicable o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, así como de modificalo e resolvelo, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

#### **Décimo novena.- Dereitos de explotación e propiedade intelectual**

O material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición con licenza **Creative Commons** BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).

A FAXPG se reserva o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

### **Vixésima.- Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Vixésima primeira.- Normativa aplicable**

O presente convenio de colaboración rexerese especialmente por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

A directora da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Mar Pereira Alvarez



O presidente de FAXPG

Iker Sertucha Lista



## ANEXO I

### MODELO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS

INDICADORES	
% Aumento de chamadas a través do servizo de videointerpretación respecto ao ano anterior.	
Nº actividades con servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	
Nº de horas de interpretación con servizo de interpretación presencial a través de intérpretes de LSE	





## ANEXO II

### PUNTOS DE ACCESO AO SERVIZO DE VIDEOINTERPRETACIÓN

Indicáanse a continuación os puntos de acceso ao servizo de videointerpretación. Os puntos de acceso identificados neste anexo poderán ser modificados de común acordo polas partes asinantes, en función de criterios de mellor prestación do servizo conveniado. A ubicación concreta de estes puntos estará permanentemente actualizada na páxina web da Xunta de Galicia [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

#### a) Puntos de acceso presencial.

- 7 puntos en oficinas de rexistro e atención á cidadanía dos edificios administrativos da Xunta de Galicia principais, nas cidades de Santiago, A Coruña Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo, Ourense
- 4 puntos en oficinas de turismo, dependentes da Xunta de Galicia, ubicadas nas cidades de Pontevedra, Vigo, Santiago, Lugo
- 2 puntos en centros sanitarios, do Servizo Galego de Saúde, ubicados na cidade de Santiago

#### b) Puntos de acceso a distancia (online).

- Xunta de Galicia – Teléfono de atención ao cidadán 012.
- Servizo Galego de Saúde – Teléfono de urxencias sanitarias 061
- Servizo Galego de Saúde – Teléfono de consultas sanitarias 902400116
- Teléfono Saúde en liña 902.077.333
- Teléfono 112 de Emerxencias (AXEGA)
- Teléfono 085 de Incendios Forestais
- Teléfono da muller 900.400.273
- Teléfono Social 900.333.666
- Teléfono do Voluntariado 900.400.800
- Teléfono da infancia 116.111
- Servizo Galego de Apoio á mobilidade persoal - Teléfono 065